

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 22 DE FEBREIRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:10 horas do día 22 de febreiro de 2018, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 20 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Santos Héctor Rodríguez
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2b, 3b e 14)
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 5 e 10)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 8 de febreiro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 8 de febreiro de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Margarita Parajó Calvo, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

b) Acta da sesión do 15 de febreiro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 15 de febreiro de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

c) Acta da sesión do 19 de febreiro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 19 de febreiro de 2018 cos votos de D. Santos Héctor Rodríguez, D^a. Margarita Parajó Calvo, D. Pablo Olmos Pita, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia” (10.114-446)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:58	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA645-CC353F-C5A42E-CHQHJJ-2FQEV1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

conflicto de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 15 de febreiro de 2018, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días hábiles ao seguinte licitador para que emendase a documentación persoal:

1. ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.

O citado licitador non presentou documentación ningunha. Ao non terse constancia da recepción da súa notificación, desde o Servizo de Contratación preguntouse telefonicamente á empresa que confirmou ter recibido a notificación e non dispoñer da clasificación esixida no prego de cláusulas administrativas particulares. Pouco despois da conversa telefónica a empresa enviou un correo electrónico indicando que recibiu a notificación.

Atendendo ao anterior e téndose constancia de que o licitador non posúe a clasificación requirida logo da comprobación no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, a Mesa de Contratación acorda por unanimidade:

- a) Non admitir neste procedemento a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. por non ter presentado correctamente a declaración responsable incluída no Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares; concretamente, por non ter declarado a clasificación esixida (*grupo G "Viais e pistas", subgrupo 6 "Obras viais sen cualificación específica", categoría 4"*).

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 15 de febreiro de 2018, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días hábiles ao seguinte licitador para que emendase a documentación persoal:

1. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.

O citado licitador non presentou documentación ningunha, se ben se ten constancia de que recibiu a notificación, pois así o indicou a través dun correo electrónico.

Atendendo ao anterior e téndose constancia de que o licitador non posúe unha das clasificacións requiridas logo da comprobación no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, a Mesa de Contratación acorda por unanimidade:

- a) Non admitir neste procedemento a EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. por non ter presentado correctamente a declaración responsable incluída no Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares; concretamente, por non declarar unha das clasificacións esixidas no prego (*1-1-1*).

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia" (10.114-446)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:58	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA645-CC353F-C5A42E-CHQHJJ-2FQEV1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos. O presidente e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos. O presidente e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Apertura técnica e económica

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do mantemento de aplicacións propia de terceiros (8.372-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador que concorre a este procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación lembra que por acordo do 12 de febreiro de 2018 se iniciou a negociación con T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., que presentou nova proposición o último día do prazo (19 de febreiro de 2018).

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula” co resultado que deseguido se detalla, e no que se confirma que non mellora a oferta xa presentada:

Licitador	Prezo contrato mantement o software	Prezo hora da prestación de asistencia e asesoramento técnico (máx 91,67 euros/hora IVE engadido)	N ^o horas/ano da prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custe para o concello (>240horas)
T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.	25.684,50	87,50	24

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

Tendo en conta o tipo de procedemento (artigo 170.d TRLCSP), a Mesa, por unanimidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:58	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA645-CC353F-C5A42E-CHQHJJ-2FQEV1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dos membros presentes, acorda propoñer ao órgano de contratación a clasificación deste procedemento a favor de T-SYSTEMS ITC IBERIA, SAU.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (8.372-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (8.372-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, T-SYSTEMS ITC IBERIA, SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440)

- Resolución nº 135/2018 do 9 de febreiro de 2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales pola que se desestima o recurso nº 1333/2017 interposto por D. Antonio Maroño Cal, en representación do Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia contra os pregos

Dáse conta da citada resolución.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:58	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA645-CC353F-C5A42E-CHQHJJ-2FQEV1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 20:58	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA645-CC353F-C5A42E-CHQHJJ-2FQEV1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		